

IV CERTAME DE DEBUXO E POESIA “AVELINO DÍAZ”

Prorrogado o prazo de entrega dos traballos

Os concellos de Riotorto e Meira, coa colaboración da AC “Avelino Díaz”, **tomaron o acordo de atrasar a celebración do IV Certame de Debuxo e Poesía “Avelino Díaz”.**

Considerando a grave e extraordinaria situación derivada do estado de alarma decretado polo Goberno, feito que ocasiona a paralización do normal funcionamento de tódalas actividades da vida diaria.

Considerando o peche dos centros escolares, principais canles do envío de traballos por parte dos escolares para o Certame.

Considerando, igualmente, o peche de bibliotecas, centros socioculturais, librerías, asociación culturais, actividade de concellos, e outros reducidos ó mínimo.

Considerando que todas as circunstancias descritas ata aquí fan inviable a celebración do Certame neste momento e nunhas condicións axeitadas para todas as persoas interesadas e implicadas no mesmo.

Por todo o exposto decidiron:

1.- **Prorrogar a entrega de traballos para o IV Certame de Debuxo e Poesía “Avelino Díaz” ata que, unha vez comezado o próximo curso escolar, se precise a data final.** Ó inicio do curso e en función da situación, acordarase a data límite de entrega de traballos, sendo esta anunciada polas canles ordinarias dos concellos de Riotorto e Meira, na páxina web da AC “Avelino Díaz”, nas redes sociais e na prensa.

2.- Os traballos remitidos á Asociación ata o momento son válidos a tódolos efectos, igual que os que se reciban a partir de agora. Todas as persoas interesadas poden seguir realizando os envíos, pois o prazo segue considerándose aberto.

3.- Tamén se adía a reunión do xurado e a entrega de premios, ambos actos condicionados á data final de entrega de traballos. As novas datas faranse públicas, igualmente, a través das mesmas canles.

Os concellos de Meira e Riotorto, así como a AC “Avelino Díaz”, lamentan profundamente estas medidas que se viron forzados a tomar, así como os posibles trastornos ocasionados a tódalas persoas interesadas no Certame.

Riotorto-Meira, 8 de abril de 2020.